

Un dos nosos momentos máis emotivos foi cando se referiu ó billar. “Contemplamos a túa aventura humana e científica, querido Gould, como a sabia parábola que a intelixencia dun brazo divino imprimiu a bola da túa intelixencia, inclinándose sobre o feltro verde do billar da vida. Ti es unha bola, Gould, e corres entre as bandas do saber trazando a infalible traxectoria que te levará, para a nosa felicidade e consolo, a rolar docemente ata a troneira da fama e do éxito.

En voz baixa , pero con grande fachenda, meu fillo, dígoche, esta troneira ten un nome, esta troneira chámase Premio Nobel”. **De todo aquel discurso, a Gould quedoulle grabada sobre todo unha frase; es unha bola, Gould. Como se sentía, comprensiblemente, inclinado a crer nos seus profesores, fíxose a idea de que a súa vida xiraría cunha exactitude prestablecida, e despois durante anos, empeñouse en notar baixo a superficie dos seus días a lene aloumiño dun feltro verde:** e en recoñecer baixo a aparición de certas dores imprevisibles o xeométrico trauma de bandas exactas, científicamente infalibles. A desgrazada circunstancia de que estivera prohibido o acceso ós menores de idade ós salóns de billar impediulle comprobar durante demasiado tempo que, en realidade, a imaxe dourada dun billar se pode converter nunha metáfora exacta do error, nun lugar para a demostración da humana inaccesibilidade da exactitude. Unha única velada en Merry’s terálle proporcionado útiles indicacións sobre a irremediable inxerencia do azar en tódalas figuras xeométricas. Baixo a luz que fumea colgada sobre tapetes verdes manchados de graxa tería visto caras nas que se ratificaba, coma en xeroglíficos, a derrota dunha ilusión, a de querer entrelazar harmonicamente intención e realidade, imaxinación e feitos.

Non había ningún ritmo en todo aquilo, nin unha regra, ou un centro, polo que era difícil pensar naquel sitio.

1.- Os homes teñen ideas.

O profesor Mondrian Kilroy dicía que as ideas son coma galaxias de pequena intuicións, e sostíña que son algo confuso, que se modifica sen parar e é esencialmente inutilizable con fins prácticos. Son fermosas, iso é, son fermosas. Pero son un follón. Son aparicións provisionais do infinito, dicía.

As ideas “claras e definidas”, engadía, son un invento de Descartes, son unha estafa, non existen as ideas claras, as ideas son escuras por definición, se tes unha idea clara, iso non é unha idea.

. Entón, ¿qué é?.

. Tese número dous, rapaces.

A tese número dous dicía así.

2.- Os homes expresan ideas.

Este é un problema, dicía o profesor Mondrian Kilroy. Cando expresas unha idea, daslle unha orde que non posúe no seu orixe. Dalgún xeito, tes que darlle unha forma coherente, e sintética, e comprensible para os demais. Mentres te limitas a pensala, pode seguir sendo ese maravilloso follón que é. Pero cando decides expresala, empezas a descartar algunhas cousas, a asumir outras, a exemplificar isto e cortar aquilo, a ordear a totalidade dándolle certa lóxica: traballas un pouco niso e ó remate tes algo que a xente pode comprender. Unha idea “clara e definida”. Ó primeiro pretendes facer as cousas axeitadamente: tentas non te desfacer de demasiadas cousas, quererías salvar todo o infinito da idea que tiñas na cabeza. Téntalo. Pero eses non che deixan tempo, están enriba de ti, queren comprender, agrédente

- ¿Quen son eses?
- Os demais, tódolos demais.
- ¿Por exemplo?
- A xente. A xente. Ti expresas unha idea e hai xente que a escoita. E quere comprender. Ou peor aínda: pretende saber se é verdadeira ou falsa. É unha perversión.
- ¿E que debería facer? ¿tragala e punto?
- Non sei que é o que debería facer, pero sei que é o que fai, e para ti, que tiñas unha idea e agora estás aí, tentando expresala, é como ser agredido. Cunha velocidade impresionante, só pensas en facela o máis compacta e forte que sexa posible, para resistir a agresión, para que salga con vida dela, e utilizas toda a túa intelixencia para convertila nunha máquina invencible, e canto máis o consegues, menos te decatás de que o estás facendo, o que verdadeiramente fas nese momento, é perder o contacto pouco a pouco, pero cunha velocidade impresionante, coa orixe da túa idea, e iso cun único e miserable propósito de expresala, é dicir, de fixala dun xeito o suficientemente forte e coherente e requintado para resistir a onda expansiva do mundo que te rodea, as obxeccións da xente, orosto obtuso dos que non se enteiraron moi ben, a chamada telefónica do teu xefe de departamento que...
- Arrefría, profesor...
Con frecuencia falaban do tema mentres comían, porque ó profesor Mondrian Kilroy lle gustaba a piza que facía Shatzy, de xeito que, sobre todo os sábados, comían piza, que fría, era incomedible.

2.-Os homes expresan ideas.

Pero xa non son ideas, prorrompía o profesor Mondiran Kilroy. Son detritus de ideas organizadas maxistralmente ata se converter en obxectos solidísimos, mecanismos perfectos, máquinas de guerra. Son ideas ratificables. Teñen só un afastado parentesco con aquel maravilloso e infinito envurullo no que todo empezara, pero é un parentesco case imperceptible, coma un afastado perfume. En realidade, xa é de plástico, algo artificial, sen relación algunha coa verdade, son só artefactos para quedar ben diante do público. O que, segundo a opinión, levaba necesariamente á tese número tres. Que dicía así:

3. Os homes expresan ideas propias que non o son.

- ¿Bromea ou que’
- Eu son moi serio
- ¿Cómo fan entón para expresar ideas propias que non o son’
- Digamos que xa non o son. Eran. Pero rapidísimamente escápaselles das mans, convertíndose en criaturas artificiais que se desenvolven dun xeito case autónomo, e que teñen un único obxectivo: sobrevivir. O home préstalles a súa intelixencia e elas utilízana para se facer cada vez máis sólidas e precisas. En certo sentido, a intelixencia humana traballa constantemente para disipar o maravilloso e infinito caos das ideas orixinarias e substitílo pola inalterable plenitude das ideas artificiais. Eran aparicións: agora son obxectos que o home esgrime, e que coñece á perfección, pero que non sabería dicir de onde proceden nin, en definitiva, que maldita relación gardan xa coa verdade. En certo sentido, xa non lle importa demasiado. Funcionan, resisten as agresións, conseguen socavar as debilidades alleas, non se rompen case nunca: ¿por qué se preocupar? . O home míraas, descobre o pracer de as esgrimir, de utizalas, de velas en acción. Antes ou despois, é algo inevitable, aprende que se poden utilizar para pelexar, é algo inevitable. Nunca antes o pensara. Eran aparicións: só pensara en facer que os demais visen, iso era todo. Pero, co tempo, nada dese desexo orixinario se salva. Eran aparicións. O home transformounas en armas.